

CAMPAMENTO DE NADAL 2022: FEDERACION DE ANPAS COMPOSTELA



1. DENOMINACIÓN DO PROXECTO

CAMPAMENTO DE NADAL 2022

2. MODELO DE XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Dende a empresa encargámonos de todo o proceso de xestión e organización do Programa de Conciliación. Campamento de Nadal 2022 dende o proceso de inscrición, poñendo a disposición persoal cualificado e con experiencia nestas tarefas.

© ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS

En base ás inscricións formalizadas para cada un dos centros nos que se vai a levar a cabo o programa, realizase a organización dos grupos, tratando de facer grupos homoxéneos en idades.

O alumnado distribuiranse por grupos de idade e cada grupo contará con un monitor/a responsable de tal forma que os nenos e nenas teñan en todo momento unha persoa de referencia. As actividades en todo momento estarán adaptadas ao desenvolvemento e características evolutivas dos integrantes de cada un dos grupos traballando de forma individualizada con cada un deles. Tendo en conta a situación sanitaria actual evitarase a interacción entre os grupos.

3. CONTIDOS DAS ACTIVIDADES:

NÚMERO E IDADE DOS DESTINATARIOS

Este programa está dirixido a nenos e nenas que cursen estudos **nos centros educativos de educación infantil e primaria**, con idades comprendidas **entre 3 e 12 anos (Escolarizados no curso 2022-2023 dende 4º de infantil ata 6º de primaria)**.

Establécese un **mínimo de 12 participantes diarios por monitor/a para a realización do programa.**

Para a prestación dos servizos de comedor e madrugadores é necesario un mínimo de 10 participantes diarios en cada un dos centros.

DETERMINACIÓN DOS OBXETIVOS.

OBXETIVO XERAL

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos nen@s unha alternativa de ocio e tempo libre desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXETIVOS ESPECIFICOS:

- Promover actividades que favorezan o desenvolvemento da creatividade dos participantes.
- Desenvolver a autonomía persoal e a intelixencia emocional dos participantes.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de ocio e tempo libre.
- Fomentar o gusto pola lectura.
- Promover actividades que favorezan a relación e convivencia entre iguais e a colaboración.
- Fomentar os valores de compañeirismo e tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Fomentar a igualdade e a educación en valores.

TEMPORALIZACIÓN.

O CAMPAMENTO DE NADAL 2022 **realizarase os días 23, 26, 27, 28, 29, 30 de Decembro e o 2, 3, 4 e 5 de xaneiro.**

O horario das Actividades comprenderá de luns a venres (agás festivos) entre as 09.00 ata as 14.00 horas, coa posibilidade de dispor de servizo de madrugadores e comedor (este horario pode ser adaptado ás necesidades de cada un dos centros nos que se desenvolva o programa).

- ◆ MADRUGADORES: De 08.00 a 09.00.
- ◆ ACTIVIDADES E OBRADOIROS: De 09.00 a 14.00.
- ◆ COMEDOR: de 14:00 a 16:00

O horario base é o seguinte:

HORA	ACTIVIDADE
08.00 - 09.00	Madrugadores. Almorzo e actividades lúdicas e grupais
09.00 - 09.30	Recepción participantes
9.30 - 11.00	Actividade 1: Obradoiros artísticos ,plásticos e xogos grupais
11.00 - 11.30	Descanso
11.30 - 13.30	Actividades 2. Actividades grupais, grandes xogos e ximkanas
13.30 - 14.00	Recollida e despedida.

NOTA: este horario é flexible e pode ser modificado para adaptarse ás diferentes actividades, características do alumnado, condiciones meteorolóxicas.

4. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Dentro do horario do programa, intercalaranse actividades LÚDICAS, XOGOS e OBRADOIROS.

Ao longo do programa realizaranse o seguintes tipos de actividades:

- Xogos e dinámicas de distensión e cohesión grupal.
- Dinámicas de intelixencia emocional e habilidades sociais.
- Obradoiros manuais.
- Actividades musicais e de expresión corporal.
- Grandes xogos e ximkanas.
- Xogos predeportivos.



DECEMBRO

				VENRES 23 NADAL- AVENTURA
				BENVIDA
				XOGOS DE PRESENTACIÓN E COHESIÓN GRUPAL.
				DESCANSO
				OBRADOIRO DE NADAL
LUNS 26 ARTE - AVENTURA	MARTES 27 LECTO- AVENTURA	MÉRCORES 28 CIENCIA - AVENTURA	XOVES 29 ECO-AVENTURA	VENRES 30 DEPORTE - AVENTURA
BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA
OBRADOIRO DE PINTURA MURAL	CONTOS DE NADAL	EXPERIMENTOS E INVENTOS	OBRADOIRO DE RECICLAXE	OBRADOIRO DE RELAXACIÓN
DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
XOGO DE PISTAS "MISTERIO NO MUSEO DO PRADO"	XOGO DA OCA DE ANIMACIÓN Á LECTURA	XINCANA DOS SENTIDOS	GRAN XOGO MEDIOAMBIENTAL	XOGOS PREDEPORTIVOS

XANEIRO

LUNS 2 MÚSICO - AVENTURA	MARTES 3 AVENTURA EN IGUALDADE	MÉRCORES 4 XOGO - AVENTURA	XOVES 5 AVENTURA DE DESPEDIDA
BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA	
OBRADOIRO INSTRUMENTOS MUSICAIS NAVIDEÑOS	DINÁMICAS DE EDUCACION EN VALORES E INTELIXENCIA EMOCIONAL	OBRADOIRO DE CREACIÓN DE XOGUETES CON MATERIAL DE REFUGALLO	SAÍDA POLO ENTORNO
DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	
MUSICOTERAPIA	XIMKANA DA IGUALDADE	XOGOS DE DISTENSIÓN E COOPERATIVOS	SAÍDA POLO ENTORNO

5. METODOLOXÍA:



A metodoloxía que utilizaremos será aberta, flexible e variará, en función do contido, e grupo co que traballemos.

Utilizaremos unha metodoloxía **lúdica, dinámica e participativa** na que se fomentará o traballo en equipo e a cooperación baseada en todo momento no xogo e na diversión como método didáctico na que os/as nenos/as son os/as verdadeiros/as protagonistas. A través dos xogos, obradoiros e actividades que fomenten o traballo en grandes e pequenos grupos, segundo o tipo de actividade, permitirase aos/as nenos/as coñecer diferentes aspectos culturais destas datas tan entrañables ao mesmo tempo que se potencia a súa faceta artística e creativa que beneficiará o **seu desenvolvemento integral como persoa**.

Todas as actividades xirarán en torno ó eixe temático seleccionado.

6. RECURSOS HUMANOS



O equipo encargado de levar a cabo o Programa “CAMPAMENTO DE NADAL 2022 constará de profesionais do ámbito de Lecer e Tempo Libre:

- **1 Coordinador/a do PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN NADAL 2022.** Licenciada en Pedagogía e Directora de Tempo Libre. Ten

como funcións a coordinación e supervisión de todo o programa e a comunicación directa co Federación e Anpas.

ORZAMENTO CAMPAMENTO DE NADAL 2022

Tendo en conta os seguintes parámetros:

- **Mínimo 12 participantes diarios por monitor/a** para as actividades en cada centro.
- **Mínimo 10 participantes diarios** para o servizo de madrugadores en cada centro.

PREZOS POR PARTICIPANTE

CONCEPTO	PROGRAMA COMPLETO	QUENDA DECEMBRO	QUENDA XANEIRO	DIAS SOLTOS
OBRADOIROS E ACTIVIDADES (9:00 a 14:00)	87 €	53 €	35 €	10 €
MADRUGADORES CON ALMORZO (8:00 a 9:00)	30 €	19 €	13 €	3,5 €
MADRUGADORES SEN ALMORZO (8:00 A 9:00)	20 €	13 €	9 €	2,50 €
COMEDOR (14:00 a 16:00)	80 €	49 €	33€	8,50 €

EMITIDO: 21 DE NOVEMBRO DE 2022